

TLX-800DN

Ref.: ISOSI-TLX-800DN



Características técnicas

TLX-800DN

- Comunicación remota GSM, GPRS, TCP/IP
- Programación de conexión/desconexión
- Programacións programables ($t < 0,2$ seg.)
- Función de logger de parámetros eléctricos
- Contador de enerxía integrado
- Aforro por mantemento preventivo de rede
- Telecontrol en tempo real da rede
- Referencia TLX-800DN.X [X: 0 a 8 (nº UMES3x)]

UCR Exclusive

- Control e monitorización dos parámetros da rede
- Compensador de cargas
- Actuacións programadas
- Rexistro e almacenamento de datos históricos
- Detección anomalías e envío alarmas vía SMS e e-mail
- Control de consumo enerxético
- Funcionalidade ampliable
- Frontal con pantalla gráfica e LED indicador de estado con 4 botóns
- Montaxe sobre carril DIN tamaño 6U 90x105 mm
- Menús de configuración sinxelos e visualización de gráficas de consumo da instalación

UMESx3

- Tarxeta de control e medidas monofásicas e trifásicas
- Montado sobre carril DIN
- Medida de Tensión
- Medida de Intensidade
- Medida Diferencial
- Entradas/Saídas dixitais
- Cumpre normas IEC6136/60687, IEC62053-21 e IEC62053-22, o que garante a mesma precisión que un contador de tarificación eléctrica homologado
- Medida de correntes de fuga: precisión mellor do 5%
- 5 entradas dixitais para tensións alternas de 220v referidas a neutro
- 8 saídas a relé para cargas de 3A (consumo máximo), 7 relés con borne de entrada común e 1 relé con contactos illado.

Características xerais

Supervisor electrónico programable remoto de cadros de distribución.

O **TLX-800DN** está especialmente deseñada para o control da **calidade do subministro** por medio da supervisión dos parámetros eléctricos, podendo realizar funcións de protección.

Vantaxes

Funcións de protección como: control de sobrecorrentes con desconexión e reconexión automática da liña causante e supervisión da tensión de entrada con desconexión automática no caso de sobretensión, infratensión, frecuencia fóra de marxe, inversión ou ausencia de fases e sobrequecemento do transformador ou doutros elementos. A función de compensación de cargas permite a actuación sobre as liñas de saída para corrixir calquera desfase ou comportamento anómalo no consumo.

O sistema comproba continuamente que os parámetros eléctricos (tensións, potencia activa / reactiva e fugas a terra, temperaturas, etc.) estean dentro de rango, almacenándoos para que o persoal de mantemento dispoña da información actual e pasada co fin de detectar dun xeito doado as posibles avarías. No caso de que o sistema detecte un fallo, incluso o ficar sen alimentación, envíase un SMS configurable ao número asignado.

Todo o sistema está deseñado modularmente, podendo poñerse os módulos DIN en calquera posición, alimentando a baixa tensión de seguridade (12V cc) por medio dunha fonte de alimentación estándar. A unidade de control dispón dunha interface gráfica con menús para configurar os parámetros do sistema e amosar as gráficas de consumo e tensións. É posible dispor dunha segunda pantalla gráfica, con botoneira táctil, na porta do cadro ou nun lugar máis accesible para unha mellor interacción entre o usuario e o sistema.

Especificaciones técnicas

UCR Exclusive

Dimensiones:	6 módulos
Peso:	435g
Consumo:	2W
Temperatura:	-20 a +60°C
Humidade:	5 a 95% sen condensación
EMC:	EN61000-3-2
Display:	LCD 2,7" 128x64
Botoneira:	4 botóns



UMESx3

Dimensiones:	6 módulos
Peso:	425g
Consumo:	2W
Temperatura:	-20 a +60°C
Humidade:	5 a 95% sen condensación
EMC:	EN61000-3-2

